

Nota de prensa

Mostra de solidariedade aos damnificados pola crise do coronavirus

EROSKI E OS SEUS CLIENTES APOIAN CON MÁIS DE 120.000 EUROS O PLAN CRUZ VERMELLA RESPONDE A PROL DA INFANCIA E DE FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- EROSKI fixo unha contribución de máis de 60.000 euros, que se suma á cantidade que os clientes doaron ao seu paso por caixas
- Cruz Vermella destinará os fondos ao seu Plan Cruz Vermella RESPONDE fronte ao COVID-19, que axudará a 1.350.000 persoas en situación de vulnerabilidade, cun orzamento estimado de 11 millóns de euros

Elorrio, 27 de abril do 2020.- [EROSKI](#) e os seus clientes doaron máis de 120.000 euros na campaña solidaria posta en marcha xunto á [Cruz Vermella](#) hai unhas semanas para recadar fondos para a alimentación e hixiene dos nenos, nenas e familias en risco de exclusión social, agudizado pola crise do COVID-19.

Esta campaña levouse a cabo en todos os establecementos da rede comercial das tendas que operan baixo as insignias EROSKI, FAMILIA e CAPRABO en todo o territorio nacional. EROSKI fixo unha contribución de máis de 60.000 euros para duplicar a cantidade que os clientes doaron ao seu paso por caixa.

"Unha vez máis, os clientes implicáronse dende os primeiros días e demostraron un alto grao de solidariedade. Querémoslles agradecer a xenerosidade e o apoio amosado a esta iniciativa para axudar nesta crise que está a deixar a moitos nenos, nenas e as súas familias sen as necesidades básicas diarias de alimentación. A súa contribución pon de manifesto que unindo forzas se poden acadar grandes cousas", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Os fondos recadados a través desta iniciativa canalizaranse integramente a través da Cruz Vermella e destinaranse ao seu plan Cruz Vermella RESPONDE fronte ao COVID-19, que contribúe de xeito decidido a reducir o impacto social da pandemia COVID-19 no ámbito nacional con accións dirixidas a colectivos en situación de especial vulnerabilidade. *"Pola nosa experiencia, en Cruz Vermella sabemos que, en*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

situacións extraordinarias coma a que estamos a vivir, é imprescindible a colaboración e contribución de todos e todas. A pandemia do COVID-19 está a deixar unha situación de vulnerabilidade en todos os ámbitos da sociedade que require unha intervención integral, e tamén saber articulala con eficacia e eficiencia para que chegue axiña, do mellor xeito, e ao maior número de persoas posible, sen discriminación ningunha. Por iso estámoslle moi agradecidos a quen se une ao Plan Cruz Vermella RESPONDE, un plan que é de todos e todas, para xuntos, dar superado esta crise", expresou Javier Senent, presidente de Cruz Vermella Española.

O Plan Cruz Vermella RESPONDE é un plan concreto de actuación e resposta integral que pretende chegar a máis de 1.350.000 persoas cun orzamento estimado de 11.000.000 €, ao que se poderá sumar todo aquel que queira contribuír. O plan pretende mobilizar a máis de 40.000 persoas voluntarias, que materializarán as respostas previstas en todo o Estado a través dos seus máis de 1.400 puntos de atención.

Sobre Cruz Vermella

Cruz Vermella representa o maior movemento humanitario, cidadán e independente do mundo, que leva 155 anos colaborando con entidades públicas e privadas para que a humanidade e a dignidade cheguen a todas as persoas en calquera lugar e en todo momento e circunstancias. Dende o comezo da crise do COVID-19, Cruz Vermella está a actuar en todos os países do mundo afectados, o que representa a maior mobilización de recursos, capacidades e persoas na súa historia a prol das persoas máis vulnerables e da poboación xeral.

En España, Cruz Vermella conta con máis de 200.000 persoas voluntarias, con preto de 1.400 puntos de atención en todo o territorio e co apoio de 1.360.000 socios, empresas e aliados. Todos eles permiten atender anualmente a arredor de 4 millóns de persoas a nivel nacional, das que máis de 1,7 millóns son atendidas dende programas sociais.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Cruz Vermella Española pertence ao Movemento Internacional da Cruz Vermella e da Medialúa Vermella presente en 192 países. Actúa sempre baixo os seus sete Principios Fundamentais: Humanidade, Imparcialidade, Neutralidade, Independencia, Carácter Voluntario, Unidade e Universalidade.

Sobre EROSKI

A transformación social a través da actividade empresarial é un dos fins cooperativos. EROSKI, como cooperativa de consumo, é un proxecto colectivo centrado no consumidor e na sociedade. Por iso, desenvolve as súas actividades de compromiso social en catro ámbitos que definen a súa responsabilidade social: a promoción dunha alimentación saudable, a información ao consumidor, a sustentabilidade ambiental e a solidariedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)